

PROPOSICIÓNS NON DE LEI APROBADAS NO PARLAMENTO XII LEXISLATURA

Nº Rexistro	Calificación	Data sesión	Resumo
409	7ª - Agricultura Alimentación Gandaría e Montes	07/05/2024	Sobre as medidas que debe impulsar a Xunta de Galicia co obxectivo de profundar nun modelo silvícola baseado no aproveitamento e na expansión das masas de frondosas autóctonas
410	7ª - Agricultura Alimentación Gandaría e Montes	07/05/2024	Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia co obxecto de que requira de todas as deputacións provinciais galegas a colaboración decidida en materia de loita contra os incendios forestais
425	PL - PLENO	23/04/2024	Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego para que siga estendendo a Rede galega de atención temperá
430	5ª - Sanidade Política Social e Emprego	02/05/2024	Sobre a reclamación que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Goberno central para que convoque unha reunión do Consello Territorial de Servizos Sociais co obxectivo de analizar o Proxecto de lei de familias
450	4ª - Educación e Cultura	08/05/2024	Sobre as actuacións que a Xunta de Galicia debe demandar ao Ministerio de Cultura no que atinxe ao proceso de rehabilitación e remodelación do Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense
468	PL - PLENO	23/04/2024	Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe facer ao Goberno central co fin de que modifique o Real decreto 637/2021, polo que se establecen as normas básicas de ordenación das granxas avícolas, no que concirne ás explotacións de autoconsumo
485	8ª - Pesca e Marisqueo	07/05/2024	Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe reiterar ao Goberno central co fin de que reduza o IVE dos produtos do mar e se poida beneficiar o complexo mar-industria
502	8ª - Pesca e Marisqueo	07/05/2024	Sobre as reclamacións que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central en relación cos fondos anunciados para o PERTE da cadea mar-industria
509	6ª - Industria Enerxía Comercio e Turismo	02/05/2024	Sobre as medidas que a Xunta de Galicia debe demandar ao Goberno central referidas á planificación da rede de transporte de enerxía eléctrica
513	4ª - Educación e Cultura	08/05/2024	Sobre a demanda que debe dirixir a Xunta de Galicia ao Goberno central co fin de que axilice a normativa estatal derivada da Lei orgánica 3/2022, do 31 de marzo, de ordenación e integración da Formación Profesional
539	6ª - Industria Enerxía Comercio e Turismo	02/05/2024	Sobre a solicitude que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Goberno central en relación co apoio ao futuro Xacobeo 2027 ao abeiro da Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado
553	5ª - Sanidade Política Social e Emprego	02/05/2024	Sobre a demanda ao Goberno galego da modernización do rexistro das cooperativas e das entidades sociais
598	2ª - Ordenación Territorial Obras Públicas Medio Ambiente e Servizos	03/05/2024	Sobre as actuacións que a Xunta de Galicia debe demandar ao Goberno central en materia de transporte ferroviario
698	2ª - Ordenación Territorial Obras Públicas Medio Ambiente e Servizos	03/05/2024	Sobre determinadas demandas que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Goberno central e á Sareb co obxectivo de garantir o fin social das vivendas propiedade da devandita sociedade en Galicia
825	PL - PLENO	14/05/2024	Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego co obxecto de que rexeite a parálise na renovación do Consello Xeral do Poder Xudicial e lles traslade aos grupos políticos representados nas Cortes a obriga de cumprimento da Constitución
1086	PL - PLENO	14/05/2024	Sobre as demandas dirixidas ao Goberno galego co fin de mellorar en Galicia as taxas de incorporación da muller ao traballo e en condicións de calidade
1175	1ª - Institucional de Administración Xeral Xustiza e Interior	08/05/2024	Sobre a demanda da Xunta de Galicia ao Goberno central co obxecto de que promova as modificacións legais pertinentes para considerar que a actividade das forzas e corpos de seguridade do Estado constitúen unha profesión de risco, así como respecto da proposta de resolución que se presenta en referencia a esta mesma materia

1192	1ª - Institucional de Administración Xeral Xustiza e Interior	08/05/2024	Sobre determinadas demandas que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central e a proposta de resolución que se presenta en materia de municipalismo e de defensa da dignidade dos representantes municipais
1196	2ª - Ordenación Territorial Obras Públicas Medio Ambiente e Servizos	03/05/2024	Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno de España co obxecto de que dote economicamente os concellos para que poidan cumprir a obriga legal de elaborar un censo de instalacións con amianto
1465	8ª - Pesca e Marisqueo	07/05/2024	Sobre as medidas que debe adoptar o Goberno galego co obxectivo de paliar as perdas económicas dos mariscadores e das mariscadoras e de recuperar a produción das rías galegas
1489	4ª - Educación e Cultura	08/05/2024	Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para fomentar o ensino da lingua portuguesa en Galicia
1508	8ª - Pesca e Marisqueo	07/05/2024	Sobre a demanda á Xunta de Galicia da modificación das convocatorias de axudas para 2024 dirixidas ás mariscadoras e aos mariscadores afectados por paralizacións temporais da súa actividade
1618	PL - PLENO	14/05/2024	Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno de España respecto da dotación da nosa comunidade de trens Avril e da extensión da alta velocidade ferroviaria ao resto de cidades galegas
1686	2ª - Ordenación Territorial Obras Públicas Medio Ambiente e Servizos	03/05/2024	Sobre as accións que o Goberno galego debe desenvolver en relación coa promoción de vivenda pública na segunda fase do Polígono de Actuación Urbanística de Navia, en Vigo
2453	PL - PLENO	14/05/2024	Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central co fin de que efectúe o traspaso inmediato dos medios materiais e persoais para xestionar a costa
2541	PL - PLENO	14/05/2024	Sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia e as demandas que debe trasladar ao Goberno central en relación coa titularidade e coa modificación do actual sistema de explotación e xestión da autoestrada AP-9
MOCIÓNS APROBADAS NO PARLAMENTO XII LEXISLATURA			
Nº Rexistro	Interpelación	Data sesión	Resumo

